

# Que era iso? Un misterio

Fitz-James O'Brien

Traducido por L. C. Carballal



## QUE ERA ISO?

### UN MISTERIO

É, confeso, con considerábel inseguridade que trato a estraña narración que estou a piques de relatar. Os acontecementos que me propoño detallar son dun carácter tan extraordinario e inaudito que estou bastante preparado pra me atopar con cantidades inusitadas de incredulidade e desprezo. Acéptoo todo de antemán. Teño, confío, a coraxe literaria pra afrontar a incredulidade. Após madura reflexión, decidín narrar, do xeito máis sinxelo e sincero que poida lograr, algúns feitos que puiden observar o pasado mes de xullo, e dos cales, nos anais dos misterios da ciencia física, non hai precedente ningún en absoluto.

Moro no número... da rúa 26, nesta cidade. A casa é en certo sentido unha curiosidade. Ten gozado nos últimos dous anos da reputación de estar ameigada. É unha residencia ampla e señorial, arrodeada polo que outrora foi un xardín, mais que agora é soamente un recinto verde usado pra delourar a roupa. A pía enxoita do que foi unha fonte, e unhas poucas árbores froiteiras descoidadas e sen espolar, amosan que este lugar foi antano un retiro pracenteiro e avesedo, cheo de froitos e flores e mais do murmurio maino das augas.

A casa é moi espazosa. Un ástrago de dimensión maxestosa leva a unha larga escaleira de caracol, enrolada no seu centro, e, así mesmo, os varios pisos son de proporcións imponentes. Edificouna hai uns quince ou vinte anos o Sr. A., o soado home de negocios de Nova York que cinco anos atrás convulsionou o mundo financeiro por unha tremenda fraude bancaria. O Sr. A., como todos saben, fuxiu a Europa e pouco despois morreu dun ataque ao corazón. Asemade que a nova do seu pasamento chegou a este país, e verificouse, difundíuse a azueira pola rúa 26 de que a casa número... estaba ameigada. Medidas legais desposuíran á viúva do anterior propietario, e estaba habitada unicamente por un gardián e súa muller, postos alí polo axente inmobiliario en cuxas mans estaba a decisión de alugamento ou venda. Estas persoas declararon estar preocupados por ruídos sobrenaturais. As portas abríanse sen intervención visíbel ningunha. Amoreábanse os restos dispersos da moblaxe de diferentes cuartos, durante a noite, uns encol doutros por mans descoñecidas. Pés invisíbeis subían e baixaban a escaleira a plena luz do día, acompañados pola renxedura de invisíbeis vestidos de seda, e o esvaramento de mans non visíbeis ao longo das macizas balaustradas. O gardián e súa muller declararon que non querían vivir alí máis tempo. O axente inmobiliario riuse, despediunos e puxo outros no seu posto. Os ruídos e as manifestacións sobrenaturais continuaron. A historia difundíuse pola veciñanza, e a casa ficou desocupada durante tres anos. Varias persoas negociaron por ela; mais dalgunha forma, sempre denantes de cerraren un acordo, ouvían os desagradábeis rumores e rexeitaban tratar máis a fondo.

Destarte estaban as cousas cando a miña patroa, que na altura dirixía unha casa de hóspedes na rúa Bleecker e desexaba trasladarse máis ao interior da zona residencial, concibiou a ousada idea de alugar o número... da rúa 26. Como sucedía que tiña na súa

casa un grupo de hóspedes bastante valorosos e filosóficos, deixou caer o seu plan perante nós, expoñendo inxenuamente todo canto ouvira verbo das características fantasmais da vivenda onde quería que nos trasladásemos. Coa excepción de dúas persoas asustadizas –un capitán de barco e un retornado californiano, que decontado nos avisaron de que nos deixarían– tódolos hóspedes da Sra. Moffat declaramos que a acompañaríamos na súa incursión cabaleiresca na morada dos espíritos.

O traslado efectuámolo no mes de maio, e todos estabamos encantados coa nosa nova residencia. A parte da rúa 26 onde se situaba a nosa casa, entre as Avenidas Sétima e Oitava, é un dos lugares máis agradábeis de Nova York. Os xardíns traseiros das casas, descendendo case ata o Hudson, forman, na estación estival, unha perfecta avenida de verdor. O ar é puro e vigorizante, penetrando, de feito, directamente a través do río dende os altos de Weehawken, e mesmo o descoidado xardín que arrodeaba a casa por dous lados, malia amosar nos días de bogada tendais de máis, aínda nos daba un pedazo de céspede pra mirarmos e un retiro fresco nos seráns do verán, onde fumar os cigarros ao anoitecer e observarmos os vagalumes escintilando as súas lanternas amortuxadas na herba alta.

Xaora que en canto nos establecemos no número... da rúa 26 comezamos a esperar polas pantasma. Agardabamos totalmente a súa chegada con arela. As nosas conversas á cea eran sobor do sobrenatural. A un dos pensionistas que adquirira "*O lado nocturno da natureza*" da Sra. Crowe pra deleite de seu, a comunidade caseira consideroulle un inimigo público por non mercar vinte exemplares. O home levou unha vida de infortunio supremo mentres estivo a ler este libro. Estabeleceuse unha rede de espionaxe, na cal el era a vítima. Se desprecavido depositaba o libro por un instante e abandonaba o cuarto, axiña nos incautabamos del e liámolo en voz alta en sitios secretos perante un fatado selecto. Vinme como unha persoa de grande importancia, en filtrándose que estaba razoabelmente ben versado na historia do sobrenaturalismo, e que unha vez escribín un relato, titulado "*O testo de tulipáns*" pra revista mensual Harper, cuxo argumento era un fantasma. Se unha mesa ou un panel do zócolo de madeira empenaba cando nos reuniamos no amplo salón, producíase un silencio instantáneo e todos nos preparabamos pra unha renxedura de cadeas e unha figura espectral.

Após un mes de excitación psicolóxica, foi coa máxima insatisfacción que nos vimos forzados a recoñecer que nada se manifestara nin remotamente que se aproximase ao sobrenatural. Un volta o mordomo preto afirmou que unha noite a súa candeia se apagara por algunha intervención invisíbel mentres se espía; mais como eu descubrira máis dunha vez este cabaleiro de cor nun estado en que unha candeia debía de lle parecer dobre, coidei posíbel que, por ir un pouco máis lonxe nas súas libacións, se puidera reverter o fenómeno e non ver candeia en absoluto onde tiña de contemplar unha.

As cousas estaban neste estado cando ocorreu un suceso tan aterrecedor e inexplicábel pola súa natureza que a miña razón vacila xustamente no recordo esencial do ocorrido. Foi o 10 de xullo. Tras rematar de cear dirixinme co meu amigo, o doutor

Hammond, ao xardín pra fumar a miña cachimba vespertina. Con independencia de certas simpatías mentais que existían entre o doutor e eu, estábamos unidos por un vicio. Ambos fumabamos opio. Cadaquén de nós coñecía o segredo do outro e respectábo. Desfrutabamos xuntos esa expansión marabillosa da mente, esa prodixiosa intensificación das facultades perceptivas, esa sensación ilimitada de existencia cando nos parece ter puntos de contacto co universo todo... en resumo, esa inimaxinábel dita espiritual, que non entregaría por un trono, e que espero, lector, que endexamais experimentes.

Aquelas horas de felicidade por mor do opio que o doutor e eu pasabamos xuntos en segredo regulábanse cunha exactitude científica. Non fumabamos cegamente a droga do paraíso e deixabamos os nosos soños ao chou. Namentres fumabamos dirixiamos con coidado a nosa conversa polas canles máis luminosas e calmas do pensamento. Falabamos de Oriente, e procurabamos recordar a paisaxe máxica do seu brillante escenario. Analizabamos os poetas máis sensuais, os que pintaron a vida rubicunda con saúde, acugulada de paixón, ditosa de posuír mocidade, forza e beleza. Se falabamos d'*A Tempestade* de Shakespeare, entretiñámonos con Ariel, e evitabamos a Calibán. Coma os guebros (1), volvíamos as nosas caras a Oriente, e soamente viamos o lado solleiro do mundo.

Este colorido habelencioso da nosa serie de pensamento producía nas nosas visións subseguintes un ton correspondente. Os esplendores do país das fadas árabe tinxían os nosos soños. Pasabamos a estreita franxa de céspede co paso e o porte dos reis. A cantiga da rela, mentres se aferraba á casca da áspera ameixeira, soaba coma o compás dunha música celestial. Casas, paredes e rúas esvaecíanse coma nimbos, e vistas de gloria inimaxinábel estendíanse ao lonxe diante de nós. Era un compañeirismo arrebatador. Gozabamos da vasta delicia máis completamente porque, mesmo nos nosos momentos máis extáticos, eramos conscientes da nosa mutua presenza. Os nosos praceres, aínda que individuais, eran no entanto xemelgos, vibrando e movéndose en concordancia musical.

No serán en cuestión, do dez de xullo, o doutor e eu estábamos dun excepcional humor metafísico. Prendemos as nosas cumpridas escumas de mar, reenchidas con requintado tabaco turco, en cuxo miolo ardía unha pequena bóla negra de opio que, coma a noz do conto de fadas, contiña nos seus estreitos límites marabillas alén do alcance dos reis; andabamos de acó pra aló, conversando. Unha perversidade estraña dominaba o curso dos nosos pensamentos. Estes non fluían polas canles solleiras ás que nos esforzabamos por nos conducir. Por algunha razón incomprendible diverxían constantemente por leitos escuros e solitarios, onde unha nebulosidade continua aniñaba. Era en van que, polo noso vello costume, nos lanzásemos ás costas de Oriente, e falásemos dos seus ledos bazares, dos esplendores da época de Harún, dos haréns e os pazos dourados. Negros *ifrits* (2) xurdían decontino das profundidades da nosa conversación, e expandíanse, coma aquel que o pescador liberou da vasilla de cobre, ata borraren todo brillo das nosas vistas. Insensiblemente, cediamos á forza oculta que nos dominaba, e entregámonos á especulación sombriza. Tiñamos falado algún tempo

verbo da propensión da mente humana ao misticismo e da querenza case universal pola truculencia, cando Hammond me dixo de socate:

–Cal consideras que é a meirande situación de terror?

A pregunta, admito, desconcertoume. Que moitas cousas eran terribéis, sabíao. Toparse cun cadáver na escuridade; obsevar, como me pasou unha vez, unha muller arrastrada por un río fondo e rápido, cos brazos ergueitos freneticamente, e a horribel face cara a arriba, proferindo, en canto se afundía, alaridos que che partían o corazón, mentres nós, os espectadores, ficabamos inmóbiles nunha fiestra que sobresaía do río a unha altura de sesenta pés, incapaces de facer o máis mínimo esforzo por salvala, porén mirando calados a súa derradeira suprema agonía e maila súa desaparición. Os restos desfeitos dun barco, sen vida aparente, atopados aboiando á valga no océano, son unha cousa terrível, porque suxire un terror enorme cuxas proporcións están veladas. Mais isto xa me fixo decatar por primeira vez de que debe haber unha personificación grandiosa e dominante do medo, un Rei dos Terrores perante o cal tódolos demais deben sucumbir. Cal podía ser? A que serie de circunstancias lle debería a súa existencia?

–Cónfesoche, Hammond –respondín ao meu amigo–, que xamais considerei o tema denantes. Que ten de haber un Algo máis terrível ca ningunha outra cousa, cóidoo. Non podo tentar, así e todo, nin sequera a máis vaga definición.

–Eu estou dalgún modo coma ti, Harry –respondeu–. Coido ter a capacidade pra experimentar un terror meirande ca calquera cousa xa concebida pola mente humana... algo que combine en amálgama amedrantadora e sobrenatural elementos supostos ata agora como incompatíbeis. A chamada das voces na novela *Wieland* de Brockden Brown é aterrecedora; como o é a descrición do *Morador do limiar* en *Zanoni* de Bulwer; mais –engadiu, abanando a cabeza de xeito deprimente– hai algo máis horribel aínda ca estas.

–Mira, Hammond –repliquei–, abandonemos este tipo de charla, por Deus!

–Non sei que me sucede esta noite –respondeu–, mais pola miña mente pasan toda sorte de pensamentos estraños e aterradores. Síntome coma se puidese escribir un relato coma os de Hoffman á noite, se fose unicamente mestre dun estilo literario.

–Ben, se nos imos poñer hoffmanianos na nosa charla, voume á cama. O opio e os pesadelos xamais se deberían xuntar. Que bochorno vai! Boa noite, Hammond.

–Boa noite, Harry. Que teñas soños pracenteiros.

–Pra ti, coitado sombrío, *ifrits*, *gules* (3) e bruxos.

Separámonos e cadaquén retirouse ao seu cuarto respectivo. Espinme con rapidez e metinme no leito, levando comigo, coma de costume, un libro que adoito ler pra durmir. Abrín o volume apenas pousara a cabeza na almofada, e decontado o guindei ao outro lado da alcoba. Era a *Historia dos monstros* de Goudon, unha curiosa obra francesa que me enviaran recentemente dende París, mais que, no estado mental que daquela tiña, era calquera cousa menos unha compañía agradábel. Decidín durmir

deseguida; conque, minorando a lámpada de gas ata que máis nada ca un puntiño de luz azul esmucicaba no alto do tubo, me dispuxen a descansar.

O apouso estaba en escuridade total. A chisca de gas que aínda ficaba acesa alumaba unha distancia de tres polgadas ao redor do queimador. Con desespero puxen o brazo tapándome os ollos, coma se rexeitase mesmo a escuridade, e probei a non pensar en nada. Foi en balde. Os malditos temas tratados por Hammond no xardín seguían impoñéndose no meu maxín. Loitei contra eles. Erguín murallas de ausencia posíbel de intelecto pra os manter arredados. Aínda se apiñaban sobor min. Mentres xacía quedo coma un cadáver, esperando que por unha perfecta inacción física se debería apresurar o repouso mental, ocorreu un suceso espantoso. Algo, así semellou, caeu do teito, a chumbo sobor o meu peito, e ao momento seguinte sentín dúas mans osudas apertándome a gorxa, tratándome de esganar.

Non son ningún covarde, e estou dotado dunha considerábel forza física. O repentino do ataque, no canto de me paralizar, tensou cada nervio ata a máxima tensión. O meu corpo actuou por instinto denantes de que o meu cerebro tivese tempo de se decatarse do terror da miña situación. Nun instante envolvín dous musculosos brazos ao redor da criatura e aperteina, con toda a forza do desespero, contra o meu peito. Nuns poucos segundos as mans osudas que se amarraran á miña garganta afrouxaron o seu agarramento e estaba libre pra respirar unha vez máis. Daquela comezou unha loita de tremenda intensidade. Inmerso na máis profunda escuridade, ignorante de todo da natureza do ser que me atacara tan de socate, sentindo a miña suxeición escorregándose a cada momento, parecíame, por mor da completa nudez do meu asaltador, trabábame cuns dentes afiados no ombreiro, pescozo e peito, tendo a cada instante que me protexer a gorxa contra un par de mans correúdas, áxiles, que nin os meus máximos esforzos daban reducido. Había tal cúmulo de circunstancias por combater que me cumprían toda a forza, a destreza e a coraxe que posuía.

Ao cabo, após unha loita silenciosa, mortal e esgotadora, suxeitei o meu asaltador debaixo tras unha serie de afáns incríbeis de forza. Unha vez prendido, co meu xeonllo no que xulgaba que sería o seu peito, souben que eu era o vencedor. Acouguei un retrinco pra respirar. Ouvía a criatura embaixo de min arquexando na escuridade e sentía os latexos violentos dun corazón. Estaba na aparencia tan derreada coma min; iso foi un consolo. Nese momento lembrei que adoito gardaba so a almofada, antes de me deitar, un gran pano da man de seda marela, pra usar durante a noite. Tenteino axiña: estaba alí. Nuns poucos segundos máis atara, de calquera maneira, os brazos da criatura.

Agora sentíame abondo seguro. Máis nada había que facer salvante avivar o gas e, vendo primeiro como era o meu asaltador de medianoite, acordar a xente da casa. Confesarei que obrei cun certo orgullo ao non dar a alarma antes; quería efectuar a captura eu só, sen axuda ningunha.

Sen soltar nunca o meu agarramento nin un instante, escorreguei da cama ao chan, arrastrando o meu cativo comigo. Tan só tiña de dar senón uns poucos pasos pra acadar a lámpada de gas; estes deinos coa meirande cautela, amarrando a criatura

cunha suxeición coma a dun torno. Ao cabo tiven ao alcance da man a diminuta pinta de luz azul que me indicaba onde estaba a lámpada de gas. Rápido coma un lóstrego soltei o meu agarramento cunha man e abrín o fluxo enteiro de luz. Entón vireime pra mirar o meu preso.

Nin sequera podo tentar dar unha descrición das miñas sensacións o instante despois a abrir o gas. Supoño que debín de berrar de terror, porque en menos dun minuto o meu cuarto estaba ateigado cos compañeiros da casa. Aínda tremo cando penso naquel terríbel momento. Non vía ren! Tiña si, un brazo aferrado con firmeza ao redor dunha viva e arfante forma corporal, a outra man agarraba con toda a súa forza unha garganta tan morna, e aparentemente física, coma a miña; e mesmo, con esta substancia viva no meu apreixo, co seu corpo apertado contra o meu, e todo baixo o brillante resplandor dunha larga lapa de gas, non contemplaba absolutamente nada! Nin sequera un contorno... nin un vapor!

Inclusive arestora, non me decato da situación en que me atopaba. Non podo lembrar de vez o abraiante suceso. A imaxinación en van tenta comprender o horroroso paradoxo.

Iso respiraba. Eu sentía o seu alento morno na meixela. Loitaba feramente. Tiña mans: que me agarraban. A súa pel era tersa coma a miña. Aí xacía, preméndose contra min, sólido coma unha pedra... e así e todo, totalmente invisíbel!

Asómbreme que non me desmaiase ou tolebase nese instante. Algún instinto marabilloso debeu de me soste; porque, absolutamente, no canto de afrouxar o meu apreixo no terríbel enigma, semelloume gañar unha forza adicional no meu momento de horror, e reforcei a miña suxeición con tan marabilloso vigor que sentín a criatura estremecéndose con agonía.

Xusto entón Hammond entrou na miña alcoba á cabeza da xente da casa. Tan pronto como contemplou a miña face –que, supoño, debeu de ser unha visión espantosa de mirar– buliu adiante, gritando:

–Santo ceo, Harry! Que pasou?

–Hammond, Hammond! –gritei–. Ven acá. Ó, é terríbel! Atacoume na cama algo ou alguén que suxeito, pro non o podo ver... Non o podo ver!

Hammond, chocado sen dúbida polo horror xenuíno que expresaba o meu rostro, deu un ou dous pasos adiante cunha expresión inqueda pro copada. Un moi audíbel riso nervioso prorrompeu entre o resto dos meus visitantes. Esta risa contida púxome furioso. Rirse dunha persoa na miña situación! Era o peor tipo de crueldade. Agora podo comprender que a aparición dun home forcexando violentamente, como semellaba, co nada baleiro, e pedindo axuda contra unha visión, debía de parecer ridícula. Mais daquela, tan grande foi a miña ira contra a burleira recovaxe que se tivese o poder feriríalos de morte onde estaban.

–Hammond, Hammond! –berrei de novo con desespero–. Polo amor de Deus ven axiña, podo agarrar a... a cousa pro só un pedaciño non moi longo. Estame a dominar. Axúdame! Axúdame!

–Harry –borboriñou Hammond, achegándoseme–. Fumaches de máis.

–Xúroche, Hammond, que isto non é visión ningunha –respondín, no mesmo ton baixo–. Non ves como sacode o meu corpo todo cos seus forcexos? Se non me cres, convécete ti mesmo. Síntea... tócaa.

Hammond avanzou e puxo a man no lugar que lle indiquei. Un salvaxe berro de horror estalou nel. Sentíraa!

Nun momento descubriu en algures do meu cuarto un anaco longo de corda e ao instante seguinte estábaa enrolando e anoando sobor o corpo do ser invisíbel que eu suxeitaba cos meus brazos.

–Harry –dixo con voz rouca e axitada, porque, aínda que conservaba a súa presenza de ánimo, estaba fondamente conmovido–. Harry, agora está todo seguro. Pódela soltar, vello socio, se estás cansado. A cousa non se pode mover.

Eu estaba completamente exhausto e con gusto soltei a miña aperta.

Hammond paraba agarrando os cabos da corda con que atara o invisíbel, retortos ao redor da súa man, namentres diante del, sostida de seu como estaba, contemplaba unha corda atada e entrelazada, e estricándose firmemente derredor dun espazo baleiro. Xamais vin un home mirar tan concienciadamente afectado polo terror. Secasí a súa face expresaba toda a coraxe e a determinación que eu sabía que posuía. Os seus beizos, malia que esbrancuxados, estaban fixos con firmeza, e un podía percibir cunha ollada que, aínda que afectado polo medo, non estaba intimidado.

A confusión que se produciu entre os hóspedes da casa que foron testemuñas desa escena extraordinaria entre Hammond e eu... que contemplaron a pantomima de amarrar esa cousa apertada... que me viron case abatido polo esgotamento físico cando a miña tarefa de carcereiro rematou... a confusión e mailo terror que se apoderaron dos miróns, cando viron todo iso, son imposíbeis de describir. Os máis febles fuxiron da peza. Os poucos que ficaron apiñados preto da porta, non os puidemos inducir pra que se achegasen a Hammond e a súa carga. Porén a incredulidade predominaba sobor do seu terror. Non tiñan a coraxe de se aseguraren por si mesmos, e emporiso dubidaban. Foi en balde que rogase a algúns dos homes pra que se achegasen e se convencesen polo tacto da existencia naquel cuarto dun ser vivo que era invisíbel. Eran incrédulos, mais non se atrevían a se desenganar. Como podía un corpo sólido, vivo e con respiración ser invisíbel, preguntábanse. A miña resposta foi esta. Fixen un sinal a Hammond e ámbolos dous, superando o noso temeroso noxo a tocar a criatura invisíbel, levantámola do chan, atada como estaba, e levámola á miña cama. O seu peso era coma o dun rapaz de catorce.



–Agora, meus amigos –dixen, mentres Hammond e eu sostíñamos a criatura suspendida sobor da cama–, pódolles dar unha proba evidente de que aquí hai un corpo sólido e ponderábel que, así e todo, non poden ver. Teñan a bondade de observar a superficie do leito atentamente.

Estaba abraiado co meu propio valor ao tratar este suceso estraño con tanta calma, mais recuperárame do meu terror inicial e sentía unha sorte de fachenda científica no caso que dominaba calquera outra sensación.

Os ollos dos miróns fitaron axiña a cama. A un sinal determinado Hammond e eu deixamos caer a criatura. Houbo o son amortuxado dun corpo pesado ao bater contra unha masa mol. Os madeiros da cama renxeron. Unha impresión fonda marcouse claramente sobor da almofada e mailo colchón. O fatado que o presenciaba deu unha especie de grito baixo e comunal, e fuxiron da peza. Hammond e eu quedamos sós co noso misterio.

Ficamos en silencio durante algún tempo, a escoitarmos a baixa e irregular respiración da criatura no leito, e mirando a remexedura da roupa da cama mentres loitaba con impotencia por se soltar do apresamento. Logo Hammond falou.

–Harry, isto é horríbel.

–É si, horríbel.

–Mais non inexplicábel.

–Non inexplicábel! Que queres dicir? Unha cousa así xamais ocorrera dende a orixe do mundo. Non sei que pensar, Hammond. Deus queira que non toleaxe e que isto non sexa unha fantasía insensata!

–Razoemos unha chisca, Harry. Hai un corpo sólido que tocamos pro non podemos ver. O feito é tan insólito que nos enche de terror. No entanto, non hai paralelismo pra un fenómeno semellante? Tomemos unha peza de vidro puro. É tanxíbel e transparente. Unha certa aspereza química é todo o que impide que sexa tan transparente por completo coma pra ser invisíbel de todo. Non é teoricamente imposíbel, coido, fabricar un cristal que poida non reflectir sequera un raio de luz, un cristal tan puro e homoxéneo nos seus átomos que os raios solares poidan pasar a través del como o fan a través do ar, refractados pro non reflectidos. Non vemos o ar e, con todo, sentímolo.

–Todo iso está moi ben, Hammond, mais estas son substancias inanimadas. O vidro non respira, o ar non respira. Esta cousa ten un corazón que latexa... unha vontade que a move... pulmóns que funcionan, e aspiran e expiran.

–Esqueces os estraños fenómenos dos que tan a miúdo ouvimos falar ultimamente –respondeu o doutor con gravidade–. Nas reunións chamadas “espiritistas”, mans invisíbeis metéronse dentro das mans daquelas persoas ao redor da mesa... mans mornas, carnis que parecían palpitar con vida mortal.

–Como? Coidas, daquela, que esta cousa é...?

–Non sei o que é –foi a solemne resposta–; mais compracendo os deuses, coa túa axuda, investigareina concienciadamente.

Velamos xuntos a noite toda, fumando moitas cachimbas, á cabeceira do ser sobrenatural que se sacudiu e alasou ata que estivo aparentemente esgotado. Despois escoitamos pola súa respiración baixa e regular que durmía.

Á mañá seguinte a casa toda estaba activa. Os hóspedes congregáronse no relanzo exterior da miña alcoba, e Hammond e eu eramos uns leóns. Tivemos de responder milleiros de preguntas verbo do estado do noso extraordinario prisioneiro, porque ata entón a ningunha persoa da casa bardante nós lla puido inducir a poñer os pés no cuarto.

A criatura estaba esperta. Isto evidenciábao o modo convulso en que as roupas da cama se movían cos seus esforzos por escapar. Había algo verdadeiramente terríbel ao contemplar, é un dicir, aquelas mostras indirectas das terríbeis contorsións e forcexos agónicos por se liberar que de seu eran invisíbeis.

Hammond e eu gastamos os miolos durante a longa noite pra descubrir algún medio co que puidésemos coñecer a forma e a aparencia xeral do enigma. Tan ben como puidemos distinguir pasando as nosas mans ao longo da criatura, os seus contornos e trazos eran humanos. Había unha boca, unha cabeza lisa e redonda sen cabelo, un nariz que, porén, pouco sobresaía das meixelas, e as mans e os pés parecían os dun rapaz. Ao inicio pensamos colocar o ser encol dunha superficie lisa e trazar o seu contorno con xiz, coma os zapateiros trazan a silueta dun pé. Este plan desbotámolo por non ter ningunha validez. Tal silueta non nos daría nin a máis leve idea da súa conformación.

Veume unha idea feliz. Tirariamos un molde dela en escaiola. Isto daríanos unha figura sólida, e satisfaría tódolos nosos desexos. Mais como facelo? Os movementos da criatura perturbaban o axuste da cobertura plástica e deformaban o molde. Outra idea. Por que non a cloroformizar? Tiña órganos respiratorios... que eran evidentes pola súa respiración. Unha vez reducida ao estado de insensibilidade, poderíamos facer con ela o que quixemos. Mandamos chamar polo doutor X; e cando o respectábel médico se recuperou do seu primeiro choque pola sorpresa, procedeu a administrar o cloroformo. Tres minutos despois tivemos a posibilidade de quitar as ligaduras do corpo da criatura, e un recoñecido modelador desta cidade estivo afanosamente ocupado en cubrir a forma invisíbel con arxila húmida. Cinco minutos máis tarde tiñamos un molde, e antes do serán un basto facsímile do misterio. Estaba formada coma un home... deforme, groseiro e horríbel, mais así e todo un home. Era pequeno: non por riba de catro pés e algunhas polgadas de altura, e os seus membros revelaban un desenvolvemento muscular que era incomparábel. A súa face superaba en horripilación a todo canto eu vira de vez. Nin Gustave Doré, nin Callot, nin Tony Johannot concibiron xamais algo tan horríbel. Hai un rostro nunha das ilustracións deste último pra *Un voyage où il vous plaira*, que dalgunha maneira se acerca á expresión desta criatura, mais sen ser igual.

Era a fisionomía que eu imaxinaría pró que sería un *gul*. Semellaba que fose capaz de se alimentar de carne humana.

Unha vez satisfeita a nosa curiosidade, e obrigado cadaquén da casa á discreción, formulouse a cuestión de que fariamos co noso enigma. Era imposíbel que gardásemos tal horror na casa; e era igualmente imposíbel que tal espantoso ser se soltase polo mundo. Confeso que votaría con gosto a destrución da criatura. Mais quen cangaría coa responsabilidade? Quen se encargaría da execución desa horríbel aparencia de ser humano? Día tras día deliberamos seriamente esta cuestión. Tódolos hóspedes deixaron a casa. A señora Moffat estaba desesperada e ameazounos a Hammond e a min con toda clase de sancións penais se non eliminabamos aquel horror. A nosa resposta foi:

–Irémonos se é o que quer, mais negámonos a levar esta criatura connosco. Elimínea vostede se lle praxe. Apareceu na súa casa. A vostede correspóndelle a responsabilidade.

A isto non houbo, xaora, resposta ningunha. A señora Moffat non deu atopado a ninguén nin por afecto nin por diñeiro que quixese sequera achegarse ao misterio.

A parte máis singular do asunto era que ignorabamos por completo de que se alimentaba adoito a criatura. Todo no relativo ao nutrimento que puidemos matinar se puxo diante dela, mais nunca o tocou. Era espantoso estar cabo dela, día tras día, e vermos sacudirense as sabas, ouvirmos a súa respiración difícil e sabermos que estaba esfameada.

Pasaron dez, doce, quince días e aínda vivía. No entanto, os latexos do seu corazón debilitábanse día a día e case cesaron de todo. Era evidente que a criatura estaba a perecer por falla de sustento. Mentres esta vida terríbel loitaba por continuar, sentínme miserábel. Non podía durmir de noite. Por horríbel que fose a criatura, era lamentoso pensar nos espasmos que estaba a sufrir.

Ao cabo morreu. Hammond e eu atopámola fría e tesa na cama unha mañá. O corazón cesara de bater, os liviáns de respirar. Bulimos a soterrala no xardín. Foi un funeral estraño, o descenso daquel corpo invisíbel na húmida buraca. O molde da súa forma doeino ao doutor X, que o garda no seu museo da rúa 10.

Como estou na véspera dunha longa viaxe da que pode que non torne, redactei este relato do suceso máis senlleiro do que nunca tiven coñecemento.

Nota – Rumorease que os propietarios dun museo soado desta cidade fixeron un trato co doutor X pra exhibir ao público o singular molde que o señor Escott lle depositara. Unha historia tan extraordinaria non pode fallar pra atraer a atención universal.

FIN

Notas:

1 – Guebros – parsis, seguidores de orixe persa do zoroastrismo.

2 – Ifrits – xenios maléficos da mitoloxía árabe.

3 – Gules – demos necrófagos da mitoloxía árabe.